



Protocolos de TRANSPARENCIA e BO GOBERNO

A Unión de Cooperativas Espazocoop está comprometida coa transparencia, como un principio fundamental que guía o seu funcionamento e a súa condición de entidade representativa do cooperativismo galego.

Facendo efectivo deste compromiso a Asemblea Xeral Ordinaria da Unión de Cooperativas EspazoCoop, aproba este documento, na súa sesión do 06 de xuño de 2022.

Este documento de [Protocolos de Transparencia e Bo Goberno](#), esta composto, por:

- 1.- Protocolo de contratación
- 2.- Regulación de conflito de intereses
- 3.- Sistema retributivo do Consello Reitor

1.- PROTOCOLO de CONTRATACIÓN de SERVICIOS e PRODUCTOS

O presente documento rexerá o procedemento para a **contratación de servizos ou adquisición de produtos por parte da Unión de Cooperativas Espazocoop**, en base aos seguintes criterios:

1. Sacarase a concurso a contratación de servizos ou adquisición de produtos cando o seu custo supere a cifra de 3.500,00.-€ de base imponible, a non ser que, a criterio do Consello Reitor e en base as características do produto ou servizo a contratar, se determine outra cousa.
2. Publicitarase no apartado específico de transparencia da web da Unión o listado de contratos adjudicados.
3. As entidades que forman parte do Consello Reitor só poderán contratar coa Unión de xeito excepcional e non poderán facelo naqueles casos nos que o financiamento público non o contemple ou non o permita.
4. As adjudicatarias e os criterios de adjudicación faranse públicos no espazo da web da Unión habilitado a tal efecto.
5. Terán preferencia na contratación en primeiro lugar as cooperativas asociadas, en segundo lugar cooperativas e outras fórmulas de economía social. Valoraranse aspectos como a intercooperación, prácticas de responsabilidade social, melloras e garantías, etc.
6. Valorarase a existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
7. Na proposta técnica especificarase o volume de subcontratación e os recursos propios postos a disposición. Valorarase, en todo caso, a colaboración con outras entidades cooperativas e/ou de Economía Social para o desenvolvemento dos traballos.
8. No caso de cooperativas socias que propoñan, a iniciativa propia, actividades que supoñan contratación de servizos por parte da Unión que deban saír a concurso, reservaráselle unha porcentaxe do 10% dos puntos totais do baremo.
9. A mesa de contratación estará composta por persoas do equipo técnico de Espazocoop, agás naqueles casos que pola súa dimensión e/ou características, requiran a presenza tamén do Consello Reitor.
10. As licitadoras deberán comprometerse expresamente á adscrición do equipo de traballo proposto para a execución do contrato que deberán formar parte da estrutura da/s entidades.
11. Establécense os seguintes criterios para a contratación:

| | | |
|---|--------------|----------|
| Ser cooperativa afiliada a Espazocoop | 4 puntos | Máx. 20% |
| Ser cooperativa non afiliada a Espazocoop | 2 puntos | |
| Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción: | 1 puntos | |
| Experiencia Profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: - Experiencia + Garantías da entidade e CV das persoas socias (3) - Traballos anteriores satisfactorios coa Unión (2) - Cooperativa de nova creación (1) | Ata 4 puntos | Máx. 15% |

| | | |
|---|--------------|----------|
| Proposta Técnica, inclúe melloras sobre a proposta. (<i>Se a proposta é a iniciativa da cooperativa socia resérvase 1 punto</i>) | Ata 6 puntos | Máx. 25% |
| Grao de intercooperación: - Proxecto de Intercooperación con outras socias - Intercooperación en redes: COOP57, REAS, ... - Grao de participación nas actividades da Unión | Ata 1 puntos | Máx. 10% |
| Oferta económica | Ata 4 puntos | Máx. 20% |
| Medidas de Responsabilidade Social: Balance social, Plans de igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respectuosos coa contorna, elaboración memorias de sostibilidade, colaboración con entidades sociais, etc...), e aquelas que se propoñan na propia proposta. | Ata 1 puntos | Máx. 10% |

2.- REGULACIÓN de CONFLICTO de INTERESES

A Unión de Cooperativas EspazoCoop recolle no artigo 5º dos seus Estatutos Sociais, como obxectivos xerais: a defensa dos intereses socioeconómicos das cooperativas asociadas, a promoción do cooperativismo como fórmula de desenvolvemento económico e social, o acordo de políticas e criterios en torno ao cooperativismo e a economía social, o fomento da autoxestión e o aumento do nivel profesional do cooperativismo.

Dado que o seu espazo de actuación pódese solapar co dalgunha cooperativa asociada, cando se realizan actividades relativas á: formación de cooperativas, asesoramento e consultoría tanto no apoio á creación como en procesos de consolidación, proxectos de divulgación cooperativa, ou elaboración de estudos sectoriais, por citar os máis relevantes. **EspazoCoop**, como criterio xeral, **non pode entrar en competencia coas entidades asociadas que a conforman**, co obxecto de evitar e prever a existencia de conflito de interese entre a Unión de Cooperativas EspazoCoop e as súas cooperativas socias, no cumprimento do seu obxecto social e actividades que as definen.

Se algunha cooperativa socia ou persoa, quere dar conta dunha situación que puidera dar lugar a un conflito de interese, establécese como canal de recepción o correo electrónico info@espazocoop, podendo realizarse esta de xeito anónimo. Esta comunicación será recibida pola persoa do equipo técnico que xestiona a conta, que lle dará traslado ao Consello Reitor de Espazocoop para abordar o asunto na seguinte reunión ordinaria que se celebre. Unha vez tratada no órgano de goberno, e se na comunicación existe un correo de contacto, informárase do resultado á cooperativa ou persoa interesada.

De xeito máis específico, poderían darse situacións de conflitos de interese derivados da participación no Consello Reitor, por mor de actividades de interlocución realizadas, negociacións a favor de EspazoCoop que poidan afectar a interese dalgunha cooperativa ou a existencia de marcos de actuación, cuxo coñecemento, a favorezan. Co obxecto de evitar situación de prevaricación, **as persoas que forman parte do Consello Reitor asumen e aceptan que a súa cooperativa só poda ser contratada por EspazoCoop, de xeito excepcional**, mentres formen parte do órgano de xestión, e ESTABLÉCESE que nas situacións identificadas a continuación, a Unión de Cooperativas EspazoCoop, aplicará as seguintes cautelas e procedementos, co fin de minimizar e evitar potenciais conflitos de intereses.

| ESCENARIOS | ACCÍONS PREVENTIVAS e de BO GOBERNO |
|--|---|
| <p>Contratación de servizos con cooperativas ás que pertence unha persoa membro do Consello Reitor, con carácter excepcional.</p> <p>Nota: En moitos casos as convocatorias de axudas impiden a contratación de servizos con persoas e empresas pertencentes ao órgano de administración.</p> | <ul style="list-style-type: none">• A contratación de servizos está xestionada polo equipo técnico. EspazoCoop conta cun protocolo de contratación de servizos xestionado e implementado polo equipo técnico. En caso de que deba intervir o órgano de goberno, a cooperativa afectada, deba ausentar nese punto da orde do día.• No caso extraordinario de contratar con entidades membro do CR, o apartado de transparencia da web de EspazoCoop informará dos servizos contratados, ao tempo que tamén deberán ser públicas as compensacións económicas dos membros do Consello Reitor. |
| <p>A cooperativa á que pertence unha persoa do Consello Reitor (CR), presta servizos e/ou opta a unha convocatoria pública,</p> | <ul style="list-style-type: none">• A persoa membro do Consello Reitor ten que comunicarlle a este, tanto a súa decisión de optar a realización deses traballos, nos casos de licitación, como a aceptación en caso |

compartindo intereses con Espazocoop (fomento do cooperativismo, formación, asesoramento, consultoría, etc.)

de producirse, indicando o importe dos mesmos, e a modalidade de contratación (asignación directa ou aberta). No caso de que exista "competencia" ese membro do consello quedará excluído da toma de decisións, relativas a este asunto.

- A definición de programas a realizar corresponden á equipa técnica, ás persoas do Consello Reitor normalmente só lles compete marcar as liñas estratéxicas e os intereses da entidade. No caso de que algunha negociación, dada a súa importancia, teña que ser realizada por unha persoa do CR e a súa cooperativa teña traballos encargados con esa administración, ou o volume de facturación con esa entidade faga incurrir nun conflito de intereses, a persoa afectada irá acompañada por outro membro do CR ou se substituirá a esa persoa por outra do CR.
- Recomendarase que a cooperativa da persoa que ostenta a presidencia, non teña intereses económicos significativos nos ámbitos de actividade compartidos, coa administración autonómica competente en cooperativismo.

A cooperativa a que pertence unha persoa do Consello Reitor (CR), presta servizos ou opta a facelo, para outros axentes do ecosistema da economía social (fomento do cooperativismo, formación, asesoramento, consultoría, etc.)

• A persoa membro do Consello Reitor ten que comunicarlle a este, tanto a súa decisión de optar a realización deses traballos, como a aceptación en caso de producirse, indicando o importe dos mesmos. No caso de que exista "competencia" ese membro do consello quedará excluído da toma de decisións, relativas a este asunto.

- A definición de programas a realizar corresponden á equipa técnica, ás persoas do Consello Reitor normalmente só lles compete marcar as liñas estratéxicas e os intereses da entidade. No caso de que algunha negociación, dada a súa importancia, teña que ser realizada por unha persoa do CR e a súa cooperativa teña traballos encargados con esa administración, ou o volume de facturación con esa entidade faga incurrir nun conflito de intereses, a persoa afectada irá acompañada por outro membro do CR ou se substituirá a esa persoa por outra do CR.

A cooperativa á que pertence unha persoa do Consello Reitor (CR), presta servizos de formación e consultoría, a cooperativas asociadas a EspazoCoop.

O órgano de goberno de EspazoCoop non intervéñ nesta situación. En caso de ser necesaria a súa implicación, a persoa á que pertence a cooperativa, quedaría excluída da toma de decisións que afecte a esta cuestión.

3.- SISTEMA RETRIBUTIVO do CONSELLO REITOR

Os gastos xerados por tarefas de representación de membros do Consello Reitor, son compensacións económicas que **se lles paga ás Cooperativas** ás que pertencen os membros do Consello Reitor, pola cesión de tempo da persoa que asume un cargo no órgano de administración. O sistema retributivo actual, establece:

| | |
|------------------|-------------|
| Media xornada | 30,00 euros |
| Xornada completa | 60,00 euros |

A maiores, a cooperativa á que pertence a persoa que ostenta a presidencia e as responsables de sectoriais, reciben 15 €/h. do tempo dedicado a tarefas de representación ante distintas entidades.

Os membros do Consello Reitor reciben o importe dos gastos de desprazamento xerados polo exercicio das súas función, como conselleiros/as e/ou representantes da entidade e das sectoriais.

A sección de transparencia da web de EspazoCoop, recolle o importe anual de gastos de representación aboados ás cooperativas afectadas, por compensación ao tempo de cesión destas persoas a actividades institucionais, en representación da entidade e das cooperativas asociadas.

Santiago de Compostela, a 6 de xuño de 2022.